




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

C. P. I. do Feal
R/ Río Seco s/n - O Feal, 15572 Narón (A Coruña)
/ C. I. F.: Q-6555032-I
Teléfono: [881 938 177](tel:881938177)/ Fax: [881 938 185](tel:881938185)

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CPI DO FEAL.
CURSO: 1º, 2º, 3º E 4º ESO
MATERIA: FRANCÉS
DEPARTAMENTO: FRANCÉS
DATA: 09/05/2020



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible</p>	<p>Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas , que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.</p>
<p>Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais</p>	<p>Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos e preferencias.</p>
<p>Comprender información relevante e previsible en textos escritos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.</p>	<p>Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade</p>
<p>Comprender textos propios de situacións cotiás próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos</p>	<p>Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.</p>
<p>Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.)</p>

Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.

Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas

NOTA: Estes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe son globais. A materia de francés é de avaliación continua a ademais, ao ser unha lingua estranxeira, o que prima é o enfoque comunicativo e a adquisición das catro destrezas lingüísticas, traballando diferentes aspectos da gramática, vocabulario, comunicación e pronunciación, pero seguindo estes criterios de avaliación xerais.

2. Avaliación e cualificación 1º ESO

Avaliación

Procedementos:

Observación do traballo do alumno a través da realización de tarefas de distinto tipo a través da Aula virtual, para traballar as distintas destrezas e comprobar a súa competencia comunicativa.

Nestas tarefas valorarase:

- A constancia na realización das mesmas.
- A entrega nos prazos establecidos para a súa realización.
- A boa presentación, limpeza e corrección.
- O interese pola materia e a súa actitude cara ao aprendizaxe.

Instrumentos:

- Fichas con exercicios de diferente tipo para traballar as distintas competencias.
- Cuestionarios tipo test “on line” (en caso necesario)
- Audio e vídeo (para valorar a comprensión oral)

Cualificación final

A cualificación final obterase coa media das dúas primeiras avaliacións na seguinte proporción:

1º avaliación: 60%

2º avaliación: 40% (tendo en conta que en todos os niveis quedaron probas e exames por facer coa interrupción das clases).

A esta nota media engadirase un máximo de **1,5 puntos** pola realización das tarefas de repaso, reforzo e ampliación realizadas no terceiro trimestre. Dita nota calcularase do seguinte xeito:

1 punto: (dividirase proporcionalmente entre o número de tarefas propostas, sempre que se entreguen en prazo, salvo motivo xustificado)

0,5 puntos: (en base ao grao de adquisición dos contidos traballados nas tarefas, a súa corrección e presentación)

	<p>Se algunha destas tarefas está incompleta nunha proporción igual ou superior ao 50%, salvo motivo xustifico, non será cualificada no cómputo desta nota da terceira avaliación.</p> <p>ALUMNOS CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDENTE:</p> <p>Os alumnos que teñen aprobada a 2ª avaliación , ao ser avaliación continua, teñen a primeira recuperada con 5 no caso de tela suspensa, a efectos do cálculo da cualificación final.</p> <p>Os alumnos que teñen a 1º e 2º suspensas ou ben só a 2º, para recuperar as avaliacións deberán entregar de xeito obrigatorio as actividades de repaso e reforzo que se propoñan a través da Aula Virtual para a globalidade do alumnado e ademais. un boletín de recuperación con actividades específicas que terán á súa disposición na plataforma e que terán que entregar antes do venres, 5 de xuño. A cualificación que obterán na avaliación suspensa coa realización das actividades será dun 5.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Os alumnos que non superen a materia realizarán en setembro unha proba que versará sobre os contidos traballados ata o 13 de marzo. Estes contidos serán postos en coñecemento dos alumnos afectados a final de curso de cara á preparación da proba extraordinaria de setembro.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) 1º ESO

Actividades

Iránse compaxinando actividades de repaso e reforzo con actividades de ampliación para todos os alumnos ao longo do terceiro trimestre, xa que se avanzará só en contidos imprescindibles que poidan ser accesibles a todo o alumnado e darase prioridade sobre todo ao repaso e reforzo do visto no período de clases presenciais.

ACTIVIDADES DE REPASO E REFORZO:

A) Realización de exercicios sobre aspectos de gramática vistos nas dúas primeiras avaliacións, centrándose nos seguintes aspectos:

- Os artigos definidos e indefinidos
- A negación.
- Preguntas e respostas básicas sobre a súa persoa, datos persoais, gustos e afeccións
- O presentativo: c'est/ce sont
- O feminino e plural dos nomes e adxectivos.
- O presente dos verbos être/avoir e dos verbos regulares.

B) Revisión do vocabulario visto mediante exercicios de distinto tipo e traballando os seguintes aspectos:

- Os números
- As cores
- Os días da semana, os meses e as estacións.
- Os adxectivos de carácter
- O material escolar

C) ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ESCRITA:

- Facer unha presentación persoal.
- Describir gustos e afeccións das persoas.
- Cubrir un cuestionarios cos seus datos persoais básicos

D) Actividades de comprensión escrita:

- Ler un texto sinxelo e contestar a preguntas tipo test e traducilo ao español.

E) Actividades de comprensión oral:

	<p>Escoitar un audio axeitado ao seu nivel de competencia lingüística e responder a preguntas sinxelas ou tipo test sobre o escoitado.</p> <p>F) Actividades de expresión oral: Gravar un audio pronunciando algún vocabulario básico escoitando previamente a pronunciación nun vídeo.</p> <p>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN:</p> <p>A) ACTIVIDADES DE GRAMÁTICA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os adxectivos posesivos das tres primeiras persoas do singular. - Os verbos irregulares FAIRE, ALLER et VENIR. - As contraccións dos artigos: au /aux /du /des - IL y a /il n'y a pas de. <p>B) VOCABULARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O Colexio e a sala de clase. -As materias escolares -A familia -As partes do corpo. <p>C) EXPRESION ESCRITA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Presentación dos membros da familia. <p>D) COMPRENSION ESCRITA: Comprensión dun texto sobre os temas traballados na ampliación e responder a preguntas sinxelas.</p> <p>E) COMPRENSIÓN ORAL: Ver algún vídeo sinxelo para a pronunciación do vocabulario novo ou algún video explicativo dalgún aspecto da gramática.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Traballaranse todos os contidos a través da Aula Virtual no caso dos alumnos con conectividade. Para alumnos que non teñan posibilidade de conectividade buscaranse outras canles a través da comunicación mediante o tutor coas familias (traballo e correccións a través do correo electrónico, fundamentalmente)</p>

<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Libro de texto e actividades empregados durante o curso (proporcionouse o enlace ao libro de texto en versión dixital para alumnos que o deixaran no centro). -Materias procedentes doutros libros de distintas editoriais. -Material de elaboración propia. -Páxinas web relacionadas coa materia: Le point du Fle, Français Facile, J'aime le français, Français avec Pierre, etc -Videos e cancións de Youtube para traballar os distintos contidos.
------------------------------------	--

<p style="text-align: center;">4. Información e publicidade</p>	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>A información ao alumnado realizarase fundamentalmente a través da Aula Virtual. Para a información ás familias utilizarase a canle do titor do grupo así como a plataforma Abalar móbil.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación na páxina web do centro.</p>

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.</p>	<p>Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</p>
<p>Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.</p>	<p>Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.</p>
<p>Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</p>	<p>Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</p>
<p>. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.</p>	<p>Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</p>
<p>Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.</p>	<p>Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.</p>

NOTA: Estes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe son globais. A materia de francés é de avaliación continua a ademais, ao ser unha lingua estranxeira, o que prima é o enfoque comunicativo e a adquisición das catro destrezas lingüísticas, traballando diferentes aspectos da gramática, vocabulario, comunicación e pronunciación, pero seguindo estes criterios de avaliación xerais.

2.Avaliación e cualificación 2º ESO

Avaliación

Procedementos:

Observación do traballo do alumno a través da realización de tarefas de distinto tipo a través da Aula virtual, para traballar as distintas destrezas e comprobar a súa competencia comunicativa.

Nestas tarefas valorarase:

- A constancia na realización das mesmas.
- A entrega nos prazos establecidos para a súa realización.
- A boa presentación, limpeza e corrección.
- O interese pola materia e a súa actitude cara á aprendizaxe

Instrumentos:

- Fichas con exercicios de diferente tipo para traballar as distintas competencias.
- Cuestionarios tipo test “on line” ou para cubrir datos.
- Audio e vídeo (para valorar a comprensión oral)

Cualificación final

A cualificación final obterase coa media das dúas primeiras avaliacións na seguinte proporción:

1º avaliación: 60%

2º avaliación: 40% (tendo en conta que en todos os niveis quedaron probas e exames por facer coa interrupción das clases).

A esta nota media engadirase un máximo de 1,5 puntos pola realización das tarefas de repaso, reforzo e ampliación realizadas no terceiro trimestre. Dita nota calcularase do seguinte xeito:

1 punto: (dividirase proporcionalmente entre o número de tarefas propostas, sempre que se entreguen en prazo, salvo motivo xustificado)

0,5 puntos: (en base ao grao de adquisición dos contidos traballados nas tarefas, a súa corrección e presentación)

	<p>Se algunha destas tarefas está incompleta nunha proporción igual ou superior ao 50%, salvo motivo xustifico, non será cualificada no cómputo desta nota da terceira avaliación.</p> <p>ALUMNOS CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDENTE:</p> <p>Os alumnos que teñen aprobada a 2ª avaliación , ao ser avaliación continua. teñen recuperada a 1º cun 5 no caso de tela suspenso, a efectos do cálculo da cualificación final.</p> <p>Os alumnos que teñen a 1º e 2º suspensas ou ben só a 2º, para recuperar as avaliacións deberán entregar de xeito obrigatorio as actividades de repaso e reforzo que se propoñan a través da Aula Virtual para a globalidade do alumnado e ademais un boletín de recuperación con actividades específicas que terán á súa disposición na plataforma e que terán que entregar antes do venres, 5 de xuño. A cualificación que obterán na avaliación suspenso coa realización das actividades será dun 5.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Os alumnos que non superen a materia realizarán en setembro unha proba que versará sobre os contidos traballados ata o 13 de marzo. Estes contidos serán postos en coñecemento dos alumnos afectados a final de curso de cara á preparación da proba extraordinaria de setembro.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>En 2º ESO non hai ningún alumno que teña a materia pendente de cursos anteriores.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) 2º ESO

Actividades

Ao longo do terceiro trimestre íranse compaxinando actividades de repaso e reforzo con actividades de ampliación para todos os alumnos, xa que se avanzará só en contidos imprescindibles que sexan accesibles para a todo o alumnado. Darase prioridade, sobre todo, ao repaso e reforzo do xa visto no período de clases presenciais.

ACTIVIDADES DE REPASO E REFORZO:

A) Repaso de contidos de GRAMÁTICA vistos durante o primeiro trimestre:

- Os pronomes interrogativos.
- Os adxectivos demostrativos.
- Presente dos verbos regulares (-Er) e dos verbos: être, avoir, aller, venir, faire, mettre, pouvoir, vouloir.
- Expresión do Futuro próximo e do Pasado recente.
- O imperativo.
- Os números
- A expresión da hora.

B) Revisión do VOCABULARIO visto mediante exercicios de distinto tipo e traballando os seguintes aspectos:

- O material e as materias escolares.
- As prendas de vestir e os complementos.
- As habitación da casa e os mobles.
- As tarefas domésticas e as rutinas diarias

C) ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ESCRITA:

Facer a descrición física e psicolóxica dunha persoa, detallando a súa indumentaria.

Describir o mobiliario dos espazos da casa.

Describir as súas rutinas diarias

Cubrir un cuestionario cos seus datos persoais básicos

	<p>D) ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN ESCRITA: Ler un texto sinxelo e contestar a preguntas tipo test e/ou traducilo ao español.</p> <p>E) ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN ORAL: Escoitar un audio axeitado ao seu nivel de competencia lingüística e responder a preguntas sinxelas ou tipo test sobre o escoitado.</p> <p>F) ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ORAL: Gravar un audio para ler un texto escrito previamente redactado nas tarefas de expresión escrita.</p> <p>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN:</p> <p>A) ACTIVIDADES DE GRAMÁTICA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os verbos JOUER e FAIRE + deporte ou actividade - Os adxectivos posesivos - Os verbos devoir, manger et boire <p>B) VOCABULARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os deportes - Os alimentos, as bebidas e os establecementos onde se mercan. <p>C) EXPRESION ESCRITA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Describir que deportes ou actividades se practican nunha carta a un amigo. - Completar un diálogo nun restaurante. <p>D) COMPRENSION ESCRITA: Comprensión dun texto sobre os temas traballados na ampliación e responder a preguntas tipo test. Nas actividades de ampliación non se traballará a expresión oral.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Traballaranse todos os contidos a través da Aula Virtual no caso dos alumnos con conectividade. Para alumnos que non teñan posibilidade de conectividade buscaranse outras canles a través da comunicación mediante o titor coas familias (traballo e correccións a través do correo electrónico, fundamentalmente)</p>

Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> -Libro de texto e actividades empregados durante o curso (proporcionouse o enlace ao libro de texto para alumnos que o deixaran no centro). -Materias procedentes doutros libros de distintas editoriais. -Material de elaboración propia. -Páxinas web relacionadas coa materia: Le point du Fle, Français Facile, J'aime le français, Français avec Pierre, etc -Videos, cancións e tutoriais de Youtube para traballar os distintos contidos.
-----------------------------	--

4.Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado realizarase fundamentalmente a través da Aula Virtual. Para a información ás familias utilizarase a canle do titor do grupo así como a plataforma Abalar móbil.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 3º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>. Capta a información máis importante de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de maneira lenta e clara, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>
<p>Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez</p>	<p>Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.</p>
<p>Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.</p>	<p>Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese</p>
<p>Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso</p>	<p>Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).</p>

frecuente.	
Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal básica e relativa aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para asociarse a un club internacional de xente nova).
Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.	Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.), onde fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importante

NOTA: Estes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe son globais. A materia de francés é de avaliación continua a ademais, ao ser unha lingua estranxeira, o que prima é o enfoque comunicativo e a adquisición das catro destrezas lingüísticas, traballando diferentes aspectos da gramática, vocabulario, comunicación e pronunciación, pero seguindo estes criterios de avaliación xerais.

2.Avaliación e cualificación 3ºESO

Avaliación

Procedementos:

Observación do traballo do alumno a través da realización de tarefas de distinto tipo a través da Aula virtual, para traballar as distintas destrezas e comprobar a súa competencia comunicativa.

Nestas tarefas valorarase:

- A constancia na realización das mesmas.
- A entrega nos prazos establecidos para a súa realización.
- A boa presentación, limpeza e corrección.
- O interese pola materia e a súa actitude cara á aprendizaxe.

Instrumentos:

- Fichas con exercicios de diferente tipo para traballar as distintas competencias.
- Cuestionarios “on line” (en caso necesario)
- Audio e vídeo (para valorar a comprensión oral)

Cualificación final

Cualificación final:

A cualificación final obterase coa media das dúas primeiras avaliacións na seguinte proporción:

1º avaliación: 60%

2º avaliación: 40% (tendo en conta que en todos os niveis quedaron probas e exames por facer coa interrupción das clases).

A esta nota media engadirase un máximo de **1,5 puntos** pola realización das tarefas de repaso, reforzo e ampliación realizadas no terceiro trimestre. Dita nota calcularase do seguinte xeito:

1 punto (dividirase proporcionalmente entre o número de tarefas propostas, sempre que se entreguen en prazo, salvo motivo xustificado)

	<p>0,5 puntos (en base ao grado de adquisición dos contidos traballados nas tarefas, a súa corrección e presentación) Se algunha destas tarefas está incompleta nunha proporción igual ou superior ao 50%, salvo motivo xustificando, non será cualificada no cómputo desta nota da terceira avaliación.</p> <p>ALUMNOS CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDENTE:</p> <p>Os alumnos que teñen aprobada a 2ª avaliación , ao ser avaliación continua teñen recuperada a 1º cun 5 no caso de tela suspensión, a efectos do cálculo da cualificación final.</p> <p>Os alumnos que teñen a 1º e 2º suspensas ou ben só a 2º, para recuperar as avaliacións deberán entregar de xeito obrigatorio as actividades de repaso e reforzo que se propoñan a través da Aula Virtual para a globalidade do alumnado e ademais un boletín de recuperación con actividades específicas que terán á súa disposición na plataforma e que terán que entregar antes do venres, 5 de xuño. A cualificación que obterán na avaliación suspensa coa realización das actividades será dun 5.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Os alumnos que non superen a materia realizarán en setembro unha proba que versará sobre os contidos traballados ata o 13 de marzo. Estes contidos serán postos en coñecemento dos alumnos afectados a final de curso de cara á preparación da proba extraordinaria de setembro.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Os alumnos có francés pendente de cursos anteriores, efectuarán dous boletíns de actividades nos que se traballarán os contidos da materia facilitados xa a estes alumnos a principio de curso de cara á asimilación e superación da materia. Unha vez feitos estes boletíns de recuperación, se é necesario (porque haxa dúbida da asimilación dos contidos no traballo realizado nestes boletíns), os alumnos realizarán vía “on line” un cuestionario con tempo límite para comprobar que asimilaron os contidos traballados.</p>

Criterios de cualificación:

Estes boletíns serán cualificados cunha nota máxima de 10 puntos. Para superar a materia os alumnos deberán obter unha nota mínima dun 5 en cada un destes boletíns de recuperación, así coma, en todo caso, se é necesario realizalo, no test de verificación das aprendizaxes.

Os boletíns deberán entregarse nos prazos establecidos para a súa realización, salvo motivo debidamente xustificado. Os boletíns non entregados en prazo non serán cualificados.

Procedementos e instrumentos de avaliación: Nesta excepcional situación, os **procedementos** utilizados para recoller información sobre a consecución dos obxectivos plantexados serán a comunicación e entrega de tarefas a través da Aula virtual do centro; así como a comunicación co alumnado pendente a través desta canle ou se é preciso, mediante videoconferencia, para a resolución de dúbidas e o apoio na realización das tarefas.

En canto ós **instrumentos de avaliación** empregaranse os seguintes:

- Realización de boletíns de actividades que versarán sobre os contidos proporcionados aos alumnos a principio de curso. Estes boletíns recollerán actividades de diverso tipo para traballar as distintas destrezas necesarias para avaliar a competencia comunicativa dos alumnos.
- Cuestionario “on line”, se é preciso, para verificar a asimilación dos contidos traballados coa realización de actividades e ante a imposibilidade de realizar exame presencial.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) 3º ESO

Actividades

Iranse compaxinando actividades de repaso e reforzo con actividades de ampliación para todos os alumnos ao longo do terceiro trimestre, xa que se avanzará só en contidos imprescindibles que sexan accesibles para todo o alumnado.

ACTIVIDADES DE REPASO E REFORZO:

A) Realización de exercicios sobre aspectos de GRAMÁTICA vistos nas dúas primeiras avaliacións, centrándose nos seguintes aspectos:

- O Passé composé
- Os adverbios de frecuencia
- O comparativo e o superlativo
- Os pronomes relativos
- Os adverbios en –ment.

B) Revisión do VOCABULARIO visto mediante exercicios de distinto tipo e traballando os seguintes aspectos:

- As partes do corpo
- A expresión das sensacións, emocións e estados de ánimo
- Expresión das sensacións có verbo AVOIR
- Os adxectivos de carácter.

C) ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ESCRITA:

- Facer unha presentación persoal.
- Expresión das sensacións ante diferentes imaxes.
- Realizar unha comparación entre dúas persoas e obxectos.
- Describir gustos e afeccións das persoas.
- Cubrir un cuestionarios cos seus datos persoais básicos

D) Actividades de comprensión escrita:

Ler un texto sinxelo e contestar a preguntas tipo test ou moi concretas sobre aspectos do mesmo.

	<p>E) Actividades de comprensión oral: Escoitar un audio axeitado ao seu nivel de competencia lingüística e responder a preguntas sinxelas sobre o escoitado.</p> <p>ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN:</p> <p>C) ACTIVIDADES DE GRAMÁTICA: - Expresión do futuro próximo, do presente continuo e pasado recente. - O futuro simple.</p> <p>D) VOCABULARIO: - As diferentes tipos de paisaxe - Adxectivos para a descrición dos obxectos.</p> <p>C) EXPRESION ESCRITA: - Escribir un texto sobre a amizade e os amigos. - Narración de historias e feitos situados no pasado.</p> <p>D) COMPRENSION ESCRITA: Comprensión dun texto sobre os temas traballados na ampliación e responder a preguntas sobre o mesmo.</p> <p>E) COMPRENSIÓN ORAL: Ver algún vídeo sinxelo para comprender instrucións na realización dunha tarefa, ou para responder a preguntas sinxelas sobre o mesmo.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Traballaranse todos os contidos a través da Aula Virtual no caso dos alumnos con conectividade. Para alumnos que non teñan posibilidade de conectividade buscaranse outras canles a través da comunicación, mediante o titor, coas familias (traballo e correccións a través do correo electrónico, fundamentalmente).</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>- Libro de texto e actividades empregados durante o curso (proporcionouse o enlace ao libro de texto para alumnos que o deixaran no centro). - Materias procedentes doutros libros de distintas editoriais. - Material de elaboración propia.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> -Páxinas web relacionadas coa materia: Le point du Fle, Français Facile, J'aime le français, Français avec Pierre, etc -Videos, cancións e tutoriais de Youtube para traballar os distintos contidos.
--	--

4.Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado realizarase fundamentalmente a través da Aula Virtual. Para a información ás familias utilizarase a canle do titor do grupo así como a plataforma Abalar móbil.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 4º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito</p>	<p>Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</p>
<p>Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.</p>	<p>Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.</p>
<p>Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p>	<p>Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese</p>

<p>Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese</p>	<p>Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes</p>
<p>Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente</p>	<p>Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.</p>

NOTA: Estes criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe son globais. A materia de francés é de avaliación continua a ademais, ao ser unha lingua estranxeira, o que prima é o enfoque comunicativo e a adquisición das catro destrezas lingüísticas, traballando diferentes aspectos da gramática, vocabulario, comunicación e pronunciación, pero seguindo estes criterios de avaliación xerais.

2.Avaliación e cualificación 4º ESO

Avaliación	Procedementos: Observación do traballo do alumno a través da realización de tarefas de distinto tipo a través da Aula virtual, para traballar as distintas destrezas e comprobar a súa competencia comunicativa. Nestas tarefas valorarase: <ul style="list-style-type: none">- A constancia na realización das mesmas.- A entrega nos prazos establecidos para a súa realización.- A boa presentación, limpeza e corrección.- O interese pola materia e a súa actitude cara á aprendizaxe
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">-Fichas con exercicios de diferente tipo para traballar as distintas competencias.-Cuestionarios tipo test “on line” ou para cubrir datos.-Audio e vídeo (para valorar a comprensión oral)
Cualificación final	A cualificación final obterase coa media das dúas primeiras avaliacións na seguinte proporción: 1º avaliación: 60%

	<p>2º avaliación: 40% (tendo en conta que en todos os niveis quedaron probas e exames por facer coa interrupción das clases).</p> <p>A esta nota media engadirase un máximo de 1,5 puntos pola realización das tarefas de repaso, reforzo e ampliación realizadas no terceiro trimestre. Dita nota calcularase do seguinte xeito: 1 punto: (dividirase proporcionalmente entre o número de tarefas propostas, sempre que se entreguen en prazo, salvo motivo xustificado) 0,5 puntos: (en base ao grao de adquisición dos contidos traballados nas tarefas, a súa corrección e presentación) Se algunha destas tarefas está incompleta nunha proporción igual ou superior ao 50%, salvo motivo xustificado, non será cualificada no cómputo desta nota da terceira avaliación.</p> <p>ALUMNOS CON ALGUNHA AVALIACIÓN PENDENTE:</p> <p>Os alumnos que teñen aprobada a 2ª avaliación , ao ser avaliación continua. teñen recuperada a 1º cun 5 no caso de tela suspenso, a efectos do cálculo da cualificación final.</p> <p>Os alumnos que teñen a 1º e 2º suspensas ou ben só a 2º, para recuperar as avaliacións deberán entregar de xeito obrigatorio as actividades de repaso e reforzo que se propoñan a través da Aula Virtual para a globalidade do alumnado e ademais un boletín de recuperación con actividades específicas que terán á súa disposición na plataforma e que terán que entregar antes do venres, 5 de xuño. A cualificación que obterán na avaliación suspensa coa realización das actividades será dun 5.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>Os alumnos que non superen a materia realizarán en setembro unha proba que versará sobre os contidos traballados ata o 13 de marzo. Estes contidos serán postos en coñecemento dos alumnos afectados a final de curso de cara á preparación da proba extraordinaria de setembro.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>En 4º ESO non hai ningún alumno que teña a materia pendente de cursos anteriores.</p>

3.METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO TERCEIRO TRIMESTRE (recuperación, repaso, reforzo e no seu caso, ampliación) 4ºESO

Actividades

Iránse compaxinando actividades de repaso e reforzo con actividades de ampliación para todos os alumnos ao longo do terceiro trimestre, xa que se avanzará só en contidos imprescindibles que sexan asequibles a todo o alumnado.

ACTIVIDADES DE REPASO E REFORZO:

A) Realización de exercicios sobre aspectos de GRAMÁTICA vistos nas dúas primeiras avaliacións, centrándose nos seguintes aspectos:

- Revisión do Condicional.
- Expresión da causa.
- O Passé composé.

B) Revisión do VOCABULARIO visto mediante exercicios de distinto tipo e traballando os seguintes aspectos:

- O vocabulario da tecnoloxía.
- O instituto e as accións relacionadas có estudio.

C) ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ESCRITA:

Escribir un texto dando consellos ante unha situación determinada.

D) ACTIVIDADES DE EXPRESIÓN ESCRITA:

Ler un texto axeitado á súa competencia lectora, deducir vocabulario novo polo contexto e responder a preguntas sobre o mesmo.

E) ACTIVIDADES DE COMPRENSIÓN ORAL:

Escoitar un audio axeitado ao seu nivel de competencia lingüística e responder a preguntas sinxelas ou tipo test sobre o escoitado.

ACTIVIDADES DE AMPLIACIÓN:

	<p>E) ACTIVIDADES DE GRAMÁTICA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Uso das preposicións à et de - Os adxectivos indefinidos. <p>F) VOCABULARIO:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os animais e a biodiversidade - As profesións e as súas accións <p>C) EXPRESION ESCRITA:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Descripción de animais. <p>D) COMPRESION ESCRITA:</p> <p>Comprensión dun texto sobre os temas traballados na ampliación e responder a preguntas sobre él.</p> <p>G) COMPRESIÓN ORAL:</p> <p>Escoitar un audio cunha explicación sobre un tema da gramática dos vistos nas actividades de ampliación.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Traballaranse todos os contidos a través da Aula Virtual no caso dos alumnos con conectividade. Para alumnos que non teñan posibilidade de conectividade buscaranse outras canles a través da comunicación mediante o tutor coas familias (traballo e correccións a través do correo electrónico, fundamentalmente)</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Libro de texto e actividades empregados durante o curso (proporcionouse o enlace ao libro de texto para alumnos que o deixaran no centro). -Materias procedentes doutros libros de distintas editoriais. -Material de elaboración propia. -Páxinas web relacionadas coa materia: Le point du Fle, Français Facile, J'aime le français, Français avec Pierre, etc -Videos, cancións e tutoriais de Youtube para traballar os distintos contidos.

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado realizarase fundamentalmente a través da Aula Virtual. Para a información ás familias utilizarase a canle do titor do grupo así como a plataforma Abalar móbil.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.